

XLII FEIRA DE ARTESANÍA DE VIVEIRO 2026

DATAS:

- Inauguración: venres 7 de agosto de 2026 ás 17:30 horas.
- Clausura: domingo 16 de agosto de 2026 ás 22:00 horas.

UBICACIÓN:

- Xardíns Noriega Varela (Viveiro)

HORARIO:

Mañá: de 11:00 a 14:30 horas

Serán: de 17:30 a 22:00 horas

MONTAXE:

- Carpas tipo “Haima”, tamaño 5x5 metros, dividida en dúas partes, unha dedicada a exposición de 5x2 metros con solo de tarima e moqueta , e outra de 5x3 metros dedicada ó público.
- *Stand*s panelados de **3x2** metros (só se pode utilizar e ocupar o espazo interior do *stand*, en ningún caso o destinado ó tránsito do público). O prezo do *stand* non inclúe elementos auxiliares (mesas, expositores, etc.). Cada participante debe aportar o mobiliario que queira utilizar.
- A **montaxe** do *stand* farase na mañá do venres **07/08/2026 a partir das 9h**, tendo que estar montado unha hora antes da apertura (é dicir, ás 16:30h) para que a organización poida revisar cada *stand* e as pezas presentadas.
- A **desmontaxe** do *stand* farase na noite do domingo **16/08/2026**, sempre despois das 22:15h, unha vez estea a mercancía empaquetada e lista para cargar.
- Neste 2026 seguiremos contando cun *stand* efémero que irá cambiando de expositores. Estes deberán ter un produto propio e creativo, así como cumprir as condicións xerais da feira, debendo ter montado antes da apertura do día asignado e desmontando unha vez peche o recinto á noite. A organización resérvase o dereito de utilizar este espazo cando non haxa expositores asignados para levar a cabo diversas actividades dinamizadoras.
- Solicitar o *stand* tradicional non evita que tamén se poida solicitar o efémero (sen ir en detrimento da que se sinale como primeira e/ou mellor opción).

CONDICIÓNES:

- A **solicitud** de participación deberá estar presentada **antes do 16/05/2026** no correo electrónico feiradeartesaniadeviveiro@gmail.com especificando en asunto “Solicitud feira 2026”.
- DOCUMENTACIÓN NECESARIA:
 1. Modelo de solicitud debidamente cumprimentado (tradicional e/ou efémero).
 2. Fotocopia da Carta de Artesán (con vixencia mínima do 2023, ano de entrada da nova lei de artesanía) ou documento análogo expedido pola autoridade competente (tanto para a solicitud do *stand* tradicional como para quen repita edición no *stand* efémero) ou ben o Rexistro de Obradoiro Artesán da Xunta de Galicia.
 3. Fotocopia do DNI e fotocopia do NIF da empresa (de telo).

4. Copia do recibo de pago da última cota de autónomos ou correspondente. No caso de non estar aínda dado de alta de autónomo, é preciso enviar unha declaración responsable de ter intención de darse de alta para os días da feira e enviarnos dito documento de alta chegado o momento.
 5. Certificado de alta no IAE.
 6. Tres fotografías, mínimo, dos produtos que desexa presentar na feira.
 7. Un dossier de explicación do proceso produtivo.
 8. Unha fotografía ou esbozo do *stand* que se ten previsto montar.
- Os arquivos enviados non se terán en conta de enviarse comprimidos (zip, rar, etc).
 - Non está permitido enviar un dossier con toda a documentación xunta nun mesmo documento, dado que precisamos que a folia de solicitude vaia separada das fotografías e do resto de documentación solicitada para que cada departamento de recepción xestione a documentación adxudicada.
 - A selección de participantes comunicárase por correo electrónico o mércores 20/05/2026. Dita selección farase con base ós criterios que se desagregan a continuación:
 1. Que a documentación esixida na solicitude sexa lexible e estea completa (sen estar comprimida nin sendo todo un mesmo documento). De faltar algún dos documentos necesarios, a solicitude non se terá en conta, aínda que estea recibida unha parte. A responsabilidade de enviar os documentos pedidos é do artesán solicitante. Nunca será responsabilidade da organización non comunicar a falta dalgún documento necesario.
 2. Que estean representadas o maior número posible de disciplinas artesanais, tendo preferencia, en igualdade de condicións de calidade, que sexan de Viveiro, da comarca da Mariña Lucense, da provincia de Lugo, de Galicia, etc. (por esa orde e sempre que non tiveran alterado a boa relación entre artesáns e/ou organización en anos anteriores).
 3. Que os produtos presentados sexan orixinais, innovadores, ecolóxicos, sustentables ou representen calquera outro valor engadido, consolidado ou pioneiro, á oferta que habitualmente se fai desde o sector artesanal.
 4. A rotación de artesáns, mantendo como primordiais os puntos anteriores.
 5. Cumprir cun 80% de obradoiros rexistrados na Xunta de Galicia
 - Deberase realizar unha **actividade artesanal propia**, con materiais de calidade demostrable e garantindo unha variedade ampla de produtos para toda a duración da feira.
 - A organización resérvase o dereito a retirar da feira todo aquel produto que non se considere artesanal ou de elaboración propia.
 - A organización encargárase de fotografar tódolos *stands* e os seus produtos nel expostos co fin de facer publicidade da feira en redes sociais.
 - Os artesáns participantes poderán amosar a realización dos seus traballos por medio de talleres demostrativos, o que será tido en conta á hora da selección.
 - Os artesáns participantes comprométese a **cumprir os horarios** de apertura e peche diarios da feira.

- A distribución de espazos é un dereito exclusivo da Organización da Feira
- **Non** está permitida a presenza de **animais** nos *stands*, sendo esta causa da non selección do artesán (ou da súa marca) en vindeiras ocasións ou mesmo da expulsión na edición actual.
- No caso de compartir *stand*, a organización esixe a presentación da documentación solicitada a cada un dos participantes.
- A organización asegura a vixilancia dos postos instalados na feira nas horas en que non estea aberta ó público. A vixilancia nocturna correrá a cargo dunha empresa profesional. A diúrna correrá a cargo da mesma empresa, da organización ou dalgunha persoa designada pola mesma.
- A organización non se fará responsable de danos derivados de condicións meteorolóxicas ou ambientais adversas ou da cancelación total ou parcial do evento por eses motivos.
- A organización resérvase o dereito de expulsión de calquera participante que altere a normal convivencia entre artesáns, público e organización (antes, durante ou despois do evento en seguintes edicións) ou que non cumpra coa normativa sanitaria vixente.
- O artesán pode enviar, unha vez confirmada a súa solicitude de participación e antes do comezo da feira, unha relación valorada das pezas a presentar. Esta servirá, en caso de roubo demostrado e xunto ós *tickets* de venta dos días anteriores, para o seguro da empresa privada de vixilancia.
- É imprescindible que tódolos artesáns cumpran as normas de montaxe e desmontaxe que o Excmo. Concello de Viveiro impón para tales efectos á organización, sendo causa o seu incumprimento da non selección do artesán en vindeiras edicións.
- A revenda de produtos non está permitida, sendo causa de expulsión inmediata da feira.
- Queda prohibido que os artesáns participantes (ou o persoal contratado para atender o *stand*) fumen no recinto da feira, podendo ser motivo de descalificación para vindeiras edicións.
- Queda prohibido entregar bolsas doutros mercados ou feiras, podendo ser bolsas da propia marca ou dunha marca á que esteades adheridos.
- A organización contestará a cada solicitude recibida. En caso de non recibir esta resposta antes do 17/05/26, deberedes poñervos en contacto coa organización por se non se recibira.
- O único xustificante de asistencia que emitirá a organización será o incorporado na factura, sempre que fora debidamente solicitada no seu momento.

- **Tódolos** participantes **que desexen recibir factura** pola súa aportación económica (de 520€ pola feira completa ou do correspondente prezo do *stand* efémero segundo os días de participación) **deberán solicitalo expresamente na folla de solicitude**. A factura solicitada seralles **entregada en agosto de 2026 e con data de agosto de 2026**.
- De producirse a cancelación da feira por motivos alleos á organización antes do 01/08/2026 devolverase o importe aportado a cada artesán. Despois desa data non se devolverá ningún importe. En ningún dos casos se terá dereito a ningún tipo de indemnización económica pola non realización da mesma.
- No caso de que o artesán cancele a súa asistencia á feira a partir do 06/07/2026, non terá dereito á devolución do importe ingresado, pero si á factura dese importe (só no caso de que a tivera debidamente solicitada na folla de solicitude).
- A aceptación de asistir á feira implica a aceptación das presentes bases. O incumprimento de calquera dos puntos anteriores serán tidos en conta en futuros procesos selectivos.

PREZOS:

Stand tradicional: 520€/feira

Stand efémero: 90€/día

Os artesáns seleccionados deberán abonar dito importe mediante transferencia bancaria (e enviar por correo electrónico o correspondente xustificante de pago) antes do 6 de xullo de 2026.

Ofreceremos, como en edicións anteriores **DOUS PREMIOS ECONÓMICOS:**

UN PREMIO DE 200€ Á MELLOR PRESENTACIÓN DO STAND Agardamos, pois, que os artesáns participantes colaboren cunha presentación óptima dos espazos e produtos.

UN PREMIO DE 100€ Á MELLOR PEZA (sexa por orixinal, innovadora, ecolóxica, sustentable ou por calquera outro valor engadido)

Queremos seguir facendo da Feira de Artesanía de Viveiro un dos referentes deste tipo de eventos a nivel nacional, polo que no presente ano queremos manter a realización de actividades en directo e talleres demostrativos no propio *stand* ou no recinto da feira, e que, coidamos, dan un bo resultado nas vosas vendas. Agradecemos enormemente o esforzo que facedes para levalas a cabo. No caso de que aceptedes facelas, poñerémonos en contacto con vós despois de seren seleccionados para concretar datas e horarios.

Dado que consideramos un éxito rotundo os sorteos feitos nas últimas edicións, neste 2026 queremos seguir a mesma liña, para o que teredes que entregar á clientela a/s participación/s correspondente/s con cada venta superior ó importe que vos indicaremos.

Información e contacto: feiradeartesianiadeviveiro@gmail.com

Teléfonos: 637 57 04 44 (Paula) / 636 73 76 08 (Noela)

Atentamente, a Feira de Artesanía de Viveiro, organizada por

Excmo. Concello de Viveiro



e a

Asociación PROA

